Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España para a aprobación dun plan de choque contra o incremento dos delitos de violencia sexual

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51151 (12/PNP-003374)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 9 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España para que axilice o traspaso a Galicia de competencias relativas ás autorizacións iniciais de traballo a estranxeiros

- 51161 (12/PNP-003375)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación con determinadas convocatorias de axudas á incorporación de persoas mozas ao sector do agro nos exercicios de 2025 e 2026

- 51170 (12/PNP-003376)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e presentación dun informe respecto da evolución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo desde o curso 2009-2010 ata o curso actual

- 51172 (12/PNP-003377)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da publicación, de forma accesible, actualizada e permanente, das estatísticas relativas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 51182 (12/PNP-003378)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego para axudar o sector marisqueiro afectado pola mortaldade masiva de marisco e polo peche de zonas de produción, especialmente na ría de Arousa

- 51199 (12/PNP-003379)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de resolver os atrasos na resolución de determinadas axudas para a prevención dos danos causados por desastres naturais en montes veciñais e agrupacións forestais

- 51209 (12/PNP-003380)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Plan director da muralla de Lugo e coa conservación deste monumento

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51214 (12/PNP-003381)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que proceda a cubrir inmediatamente a totalidade dos postos de traballo no Servizo Territorial de Ourense do Fondo Galego de Garantía Agraria

- 51231 (12/PNP-003382)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e remisión dun informe relativo á evolución do volume de alumnado con necesidades educativas especiais en Galicia desde o curso 2009-2010 ata o curso actual

- 51233 (12/PNP-003383)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que publique de maneira accesible, actualizada e permanente as estatísticas relativas ao alumnado con necesidades educativas especiais

- 51264 (12/PNP-003384)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno co fin de que lles transmita aos concellos galegos a súa obrigación de dispoñeren de plans de actuación municipal fronte ao risco de incendios forestais

- 51266 (12/PNP-003385)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur, logo da declaración conxunta asinada con varias organizacións agrarias

- 51275 (12/PNP-003386)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación coa planificación da dotación docente dos centros educativos

- 51277 (12/PNP-003387)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe anual detallado sobre as necesidades detectadas en cada centro educativo e as medidas que se pretenden adoptar para a súa cobertura

- 51286 (12/PNP-003388)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manteña a súa colaboración cos concellos galegos en materia de protección civil e emerxencias

- 51299 (12/PNP-003389)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que active de forma urxente o diálogo cos sindicatos médicos verbo da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

- 51300 (12/PNP-003390)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que presente, antes da finalización deste período de sesións, un plan galego contra a fenda salarial

1.4. Procedementos de información
1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 50665 (12/INT-001709)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre a planificación por parte do Goberno galego da prevención contra os incendios forestais e a elaboración do mapa anual de riscos previsto no artigo 49 da Lei 3/2007

- 50670 (12/INT-001710)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre o modelo de xestión e desenvolvemento do solo empresarial que está a impulsar o Goberno galego

- 50686 (12/INT-001711)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre a planificación da atención farmacéutica en Galicia e a garantía das gardas das oficinas de farmacia nas localidades que contan con PAC ou unidades de urxencias hospitalarias

- 50780 (12/INT-001712)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre a estratexia do Goberno galego para o desenvolvemento do solo empresarial en Galicia

- 50793 (12/INT-001713)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a planificación por parte do Goberno galego da dotación de infraestruturas do sistema educativo público de Galicia

- 50797 (12/INT-001714)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as liñas que definen a planificación do Goberno galego no que atinxe á rehabilitación de infraestruturas dos centros educativos públicos

- 50801 (12/INT-001715)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos

- 50805 (12/INT-001716)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o estado das instalacións dos centros educativos públicos galegos e a estimación das necesidades orzamentarias que precisan en canto a actuacións de rehabilitación

- 50810 (12/INT-001717)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o estado das instalacións dos centros educativos públicos galegos e o papel do diálogo coas comunidades educativas para orientar as necesidades en materia de infraestruturas

- 50835 (12/INT-001718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as políticas que prevé pór en marcha o Goberno galego ante as consecuencias producidas no sector do mar pola sucesión de temporais desde o mes de novembro

- 50841 (12/INT-001719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre a prevención do Goberno galego fronte ás inundacións e os recursos do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia

- 50851 (12/INT-001720)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela
Sobre a planificación que está a impulsar o Goberno galego da dotación de recursos humanos e económicos dos centros educativos galegos

- 50862 (12/INT-001721)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a planificación por parte do Goberno galego das actuacións de rehabilitación nas infraestruturas dos centros educativos

- 50933 (12/INT-001722)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre as estratexias do Goberno galego en materia de transporte público e a súa postura respecto dunha posible asunción da titularidade dos servizos de transporte de ría

- 50944 (12/INT-001723)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre o traballo de promoción do Goberno galego en materia de igualdade no deporte, nomeadamente na modalidade de remo

- 50964 (12/INT-001724)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as conclusións do estudo da incidencia do cambio climático na costa galega levada a cabo mediante o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e as universidades galegas

- 50975 (12/INT-001725)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as políticas do Goberno galego dirixidas ao apoio ao alumnado e ás familias en situacións de especial vulnerabilidade e a supresión da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal)

- 50979 (12/INT-001726)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a avaliación do labor da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) durante o seu período de funcionamento

- 50983 (12/INT-001727)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a supresión da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) e as alternativas do Goberno galego para cubrir o labor que esta viña prestando

- 50987 (12/INT-001728)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a postura e as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia respecto dunha eventual recuperación da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal)

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50991 (12/INT-001729)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante unha eventual reactivación da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) e as súas condicións orzamentarias e cobertura territorial

- 51008 (12/INT-001730)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións e a planificación das estratexias do Goberno galego en relación cos danos producidos polos temporais deste inverno na costa galega

- 51017 (12/INT-001731)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación levada a cabo polo Goberno galego desde 2009 en canto ao mantemento e á actualización das infraestruturas dos centros educativos públicos

- 51021 (12/INT-001732)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o labor desenvolvido polo Goberno galego desde 2009 verbo das infraestruturas dos centros educativos públicos e as súas previsións en canto á elaboración e publicación de informes ao respecto

- 51025 (12/INT-001733)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o labor desenvolvido polo Goberno galego desde 2009 verbo das infraestruturas dos centros educativos públicos e as previsións sobre a publicación de informes detallados ao respecto

- 51029 (12/INT-001734)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a repartición territorial dos investimentos da Xunta de Galicia en infraestruturas educativas desde 2009

- 51037 (12/INT-001735)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego no ámbito da ciencia e da innovación e a materialización do seu compromiso de elaboración dunha nova lei relativa á I+D+i en Galicia

- 51041 (12/INT-001736)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a política do Goberno galego no ámbito da ciencia e da innovación e as previsións temporais para a presentación dun novo proxecto de lei de ciencia e innovación de Galicia

- 51045 (12/INT-001737)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego no ámbito da ciencia e da innovación e as previsións orzamentarias para dotar o desenvolvemento e a execución da futura lei de ciencia e innovación de Galicia

- 51049 (12/INT-001738)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego no eido da ciencia e da innovación e as súas previsións verbo da apertura dun diálogo formal co sector para garantir unha nova lei consensuada en materia de I+D+i

- 51053 (12/INT-001739)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis
Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para o reforzamento da industria naval galega e a súa postura ante a rescisión do contrato que mantiña o Goberno de Uruguai co estaleiro vigués Cardama

- 51070 (12/INT-001740)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a planificación que leva a cabo o Goberno galego da prevención de inundacións nos espazos fluviais máis vulnerables e as súas actuacións inmediatas nos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón

- 51074 (12/INT-001741)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a planificación que leva a cabo o Goberno galego da prevención de inundacións nos espazos fluviais máis vulnerables e a xestión do caudal do río Sar ao seu paso por Padrón

- 51078 (12/INT-001742)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a planificación que leva a cabo o Goberno galego da prevención de inundacións nos espazos fluviais máis vulnerables e o orzamento destinado á limpeza dos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón

- 51094 (12/INT-001743)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a avaliación das consecuencias dos temporais deste inverno de 2026 no sector primario, especialmente dos danos causados no sector forestal polas borrascas Josephine e Leonardo

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51108 (12/INT-001744)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o nivel dos danos que os temporais do inverno de 2026 produciron nos montes de Galicia, especialmente na provincia de Ourense

- 51109 (12/INT-001745)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre as necesidades de persoal facultativo na sanidade pública de Galicia e a evolución anual do número de prazas de formación MIR

- 51130 (12/INT-001746)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación por parte do Goberno galego da dotación docente dos centros educativos públicos de Galicia

- 51134 (12/INT-001747)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación por parte do Goberno galego da dotación de profesorado dos centros educativos públicos de Galicia e a eventual revisión do catálogo vixente de unidades e postos de traballo docentes

- 51138 (12/INT-001748)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación por parte do Goberno galego da dotación de profesorado dos centros educativos públicos de Galicia, singularmente en canto ás especialidades vinculadas á atención á diversidade

- 51142 (12/INT-001749)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación por parte do Goberno galego da dotación de profesorado dos centros educativos públicos de Galicia e o prazo temporal que prevé para actualizar o actual catálogo

- 51159 (12/INT-001750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

- 51165 (12/INT-001751)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Insua Lema, Óscar
Sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa continuidade da Rede galega de teatros e auditorios

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51174 (12/INT-001752)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a evolución dos datos relativos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en Galicia desde o curso 2009-2010 ata o curso actual

- 51177 (12/INT-001753)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a situación produtiva e económica do sector marisqueiro na ría de Arousa e as actuacións previstas polo Goberno galego ante o impacto da actual entrada masiva de auga doce na ría

- 51180 (12/INT-001754)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a adecuación dos recursos humanos especializados á evolución do volume de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 51189 (12/INT-001755)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a evolución dos datos relativos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en Galicia e o establecemento dun sistema de publicación periódica de información ao respecto

- 51193 (12/INT-001756)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación do Goberno galego dos catálogos de persoal docente e de apoio e a súa adaptación á evolución do alumnado con necesidades educativas específicas

- 51210 (12/INT-001757)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de protección do patrimonio cultural, singularmente no relativo á planificación da conservación da muralla de Lugo

- 51235 (12/INT-001758)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a evolución en Galicia do volume de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo desde o ano 2009

- 51239 (12/INT-001759)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o nivel de adecuación dos recursos humanos especializados ao incremento ou variación do volume de alumnado con necesidades educativas especiais

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51244 (12/INT-001760)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a evolución en Galicia do volume de alumnado con necesidades educativas especiais e as previsións do Goberno galego respecto da articulación dun sistema de información periódica sobre as súas variacións

- 51248 (12/INT-001761)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación prevista polo Goberno galego para adaptar os catálogos de persoal docente e de apoio educativo á evolución real do alumnado con necesidades educativas especiais

- 51279 (12/INT-001762)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os mecanismos do Goberno galego para unha planificación estable e anticipada dos cursos escolares en función das necesidades de cada centro educativo

- 51283 (12/INT-001763)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación estable e anticipada das necesidades docentes dos centros educativos

- 51289 (12/INT-001764)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación estable e anticipada das necesidades docentes dos centros educativos e a publicación por parte do Goberno galego da información relativa aos recursos asignados e incidencias detectadas

- 51293 (12/INT-001765)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación das necesidades docentes dos centros educativos e o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a detección e cobertura das vacantes de profesorado cara ao vindeiro curso escolar

- 51297 (12/INT-001766)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as políticas que desenvolve e as que prevé impulsar o Goberno galego para reducir a fenda salarial das mulleres en Galicia

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Por Olalla Rodil Fernández

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:44
Nº Rexistro: 51599
Data envio: 23/02/2026 18:22:44.759

Asinado o día 23/02/2
18:17
Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 23/02/2026 ás
18:17
Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 23/02/2026 ás
18:17
Por Ana Pontón Mondelo

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a afectación dos temporais no marisqueo da ría de Arousa.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se trate esta problemática no Parlamento canto antes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días mergulladores e o sector do marisqueo principalmente da Illa de Arousa, mais tamén do resto da ría de Arousa, Cambados, Vilanova, Vilaxoán e Carril, daban a voz de alarma diante da situación catastrófica dos bancos.

Describen como cemiterio de navallas e longueiróns o que se están atopando, centos de quilos de produto morto. Situación similar é a do marisqueo e das algas.

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:44
Nº Rexistro: 51599
Data envio: 23/02/2026 18:22:44.759

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

As confrarías están avaliando en miles de euros as perdas, as empregadas na rexeneración, xa non no presente senón de cara aos vindeiros anos, cunhas repercusións moi negativas no emprego no sector extractivo e no das propias confrarías.

A orixe do problema está na baixada da salinidade da auga motivada polas abundantes choivas máis tamén sospeitan da apertura de encores, especialmente Portodemouros, dado que en pouco máis de dúas horas a salinidade baixou de 20 a 0.

O Partido na Xunta de Galiza ten que deixar a súa pasividade e poñerse do lado do sector dunha vez por todas; está en xogo o medio de vida de miles de familias da comarca do Salnés.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar medidas tanto para atender as necesidades do sector no inmediato como estruturais:

- Poñer en marcha liñas de axudas directas e urxentes para os sectores afectados das confrarías afectadas, Cambados, Illa de Arousa, Vilanova, Vilaxoán, Carril...

- Analizar as medidas a tomar para que esta situación de crise, que vai levar a que unha parte importante do sector quede sen actividade, non signifique perda de PERMEX.

- Realizar de inmediato un estudo do impacto nos bancos das confrarías do sur da ría de Arousa; Cambados, Illa de Arousa, Vilanova, Vilaxoán, Carril...

-Elaboración dun protocolo de baleirado dos encoros para minimizar a baixada da salinidade e que non se produza a tremenda afectación aos bancos marisqueiros.

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:44
Nº Rexistro: 51599
Data envio: 23/02/2026 18:22:44.759

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Contratar un seguro colectivo de mal tempo, para cubrir as perdas en situacións como a actual.

- Poñer en marcha sementeiras para a produción de cría de bivalvos e poder repoñer o marisco sin que supoña miles de euros para as agrupacións nin importar masivamente cría".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:44
Nº Rexistro: 51599
Data envio: 23/02/2026 18:22:44.759

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2026 18:17:42
María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2026 18:17:49,23/02/2026 18:19:50
Daniel Castro García na data 23/02/2026 18:17:55
Luis Bará Torres na data 23/02/2026 18:18:00
Olalla Rodil Fernández na data 23/02/2026 18:18:06
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/02/2026 18:18:11
Paulo Ríos Santomé na data 23/02/2026 18:18:17
Rosana Pérez Fernández na data 23/02/2026 18:18:24
Ariadna Fernández González na data 23/02/2026 18:18:31
Iria Carreira Pazos na data 23/02/2026 18:18:41
José Manuel Golpe Acuña na data 23/02/2026 18:18:49
Secundino Fernández Fernández na data 23/02/2026 18:18:57
Carmela González Iglesias na data 23/02/2026 18:19:06
Sonia Vidal Lamas na data 23/02/2026 18:19:15
Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/02/2026 18:19:24
Saleta Chao Rivas na data 23/02/2026 18:19:34
Óscar Insua Lema na data 23/02/2026 18:19:43
Ramón Fernández Alfonzo na data 23/02/2026 18:19:57
Alexandra Fernández Gómez na data 23/02/2026 18:20:11
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/02/2026 18:20:19
Mercedes Queixas Zas na data 23/02/2026 18:20:28
Cristina Fernández Davila na data 23/02/2026 18:20:33
Noa Presas Bergantiños na data 23/02/2026 18:20:39
Iago Suárez Fernández na data 23/02/2026 18:20:44
Iria Taibo Corsanego na data 23/02/2026 18:20:49

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:44
Nº Rexistro: 51599
Data envio: 23/02/2026 18:22:44.759

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 18:22:45

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:01
Nº Rexistro: 50637
Data envio: 13/02/2026 10:54:01.561

PSG DE PSOE

Asinado o día 13/02/2
10:50
Por Silvia Longueira C

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

Asinado o día 13/02/2026 ás
10:50
Por Elena Espinosa Mangana

Exposición de motivos

O pasado 7 de agosto de 2025, o Pleno do Concello da Estrada aprobou por unanimidade unha moción conxunta de todos os grupos políticos con representación municipal, instando a Xunta de Galicia á construción dunha residencia pública de maiores no municipio. A iniciativa, promovida inicialmente polo Grupo Socialista e asumida polo conxunto da corporación, evidencia a existencia dunha demanda social urxente e amplamente compartida.

A Estrada presenta unha taxa de 2,7 prazas residenciais por cada 100 persoas maiores de 65 anos, cifra claramente insuficiente e moi por debaixo do mínimo recomendado pola Organización Mundial da Saúde, establecido en 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos. A única residencia existente con prazas concertadas conta con arredor de 40 camas, número que resulta claramente insuficiente para dar resposta ás necesidades dunha poboación envellecida e en constante crecemento.

Asinado o día 13/02/2026 ás
10:50
Por Paloma Castro Rey

Galicia é unha das comunidades máis envellecidas de Europa. Esta realidade demográfica require unha planificación seria, responsable e con visión de futuro por parte da Xunta de Galicia, especialmente no ámbito da atención á

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:01
Nº Rexistro: 50637
Data envio: 13/02/2026 10:54:01.561

dependencia e aos coidados de longa duración. O fortalecemento da rede pública de residencias é unha cuestión de xustiza social, de igualdade territorial e de garantía de dereitos.

Non é aceptable que existan concellos galegos sen recursos residenciais públicos suficientes, obrigando ás familias a desprazamentos, a asumir custes elevados ou a quedar en listas de agarda durante períodos prolongados. O acceso a unha praza pública non pode depender do código postal.

A unanimidade acadada no Concello da Estrada demostra que esta demanda transcende cores políticas e responde a unha necesidade obxectiva da veciñanza. Correspóndelle agora á Xunta de Galicia exercer as súas competencias e asumir a súa responsabilidade na planificación e execución das infraestruturas sociais necesarias.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar de maneira inmediata os trámites necesarios para a planificación, dotación orzamentaria e construción dunha residencia pública de maiores no concello da Estrada, co fin de que sexa incorporada á rede pública de centros residenciais de Galicia, garantindo criterios de equilibrio territorial e suficiencia de prazas.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:01
Nº Rexistro: 50637
Data envio: 13/02/2026 10:54:01.561

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/02/2026 10:50:17
Elena Espinosa Mangana na data 13/02/2026 10:50:27
Silvia Longueira Castro na data 13/02/2026 10:50:33
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/02/2026 10:50:42

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:01
Nº Rexistro: 50637
Data envio: 13/02/2026 10:54:01.561

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 10:54:03

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 50658
Data envio: 13/02/2026 13:25:11.798

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/02/2
13:22
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a redución da vulnerabilidade fronte ás inundacións en ríos e zonas costeiras tras a cadea de temporais deste inverno.

Asinado o día 13/02/2026 ás
13:22
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e outros temporais deste inverno provocaron en Galiza milleiros de incidencias, con ríos en nivel vermello e laranxa, inundacións en vivendas, garaxes e baixos comerciais, estradas cortadas, derrubamento de pontes e danos significativos na rede de infraestruturas.

No ámbito fluvial, repetíronse desbordamentos en puntos negros xa coñecidos, en ríos como o Miño, Sar, Mandeo, Umia ou Tea, onde as chairas naturais de inundación foron progresivamente ocupadas por estradas, naves, solo urbano e infraestruturas que actúan como auténticos tapóns. O derrubamento do ponte da Aceña en Navia de Suarna, así como os cortes recorrentes en estradas provinciais, evidencian que unha parte importante da rede viaria e das obras hidráulicas non está adaptada ao novo escenario climático.

Asinado o día 13/02/2026 ás
13:22
Por Montserrat Valcárcel Armesto

No litoral, o traspaso de competencias en ordenación e xestión do litoral á Xunta de Galiza supón que a responsabilidade sobre os usos, autorizacións e sancións no dominio público marítimo-terrestre recae agora na administración autonómica. Ao

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 50658
Data envio: 13/02/2026 13:25:11.798

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempo, a comunidade científica leva anos advertindo de que existen infraestruturas construídas “onde nunca deberiamos ter construído”: paseos marítimos como o da Coruña ou treitos da estrada PO 11 entre Marín e Pontevedra, levantados sobre sedimentos recentes, moi baixos e pegados á liña de costa, nun contexto de ascenso do nivel do mar e de temporais con ondas de 8 ou 9 metros.

Cada vez que o mar “reclama” estes espazos ou que os ríos se desbordan nas súas chairas, os danos preséntanse como desastres inevitables, cando na realidade son en boa medida consecuencia de decisións de ocupación e planificación territorial que ignoraron o risco. A transferencia de competencias de litoral e o papel de Augas de Galiza na xestión do dominio público hidráulico obrigan a un cambio de rumbo, desde a lóxica de construír e reconstruír no mesmo sitio á de liberar espazos de inundación e reordenar usos en zonas de alto risco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Aprobar unha Estratexia galega de adaptación hidrolóxica e costeira ao cambio climático, coordinada entre Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Presidencia.

2. Integrar os resultados do mapa de zonas de risco do programa de renaturalización nas decisións de investimento en infraestruturas viarias, hidráulicas e costeiras.

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 50658
Data envio: 13/02/2026 13:25:11.798

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Asumir o compromiso de non promover nin autorizar novas infraestruturas que ocupen chairas de inundación ou zonas de alto risco no litoral.

4. Presentar no Parlamento un informe con carácter anual de seguimento que contemple as actuacións de Augas de Galiza e da unidade de litoral en materia de redución do risco de inundacións, o avance do mapa de puntos negros e as medidas adoptadas para reordenar usos e infraestruturas en zonas fluviais e costeiras vulnerables".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 50658
Data envio: 13/02/2026 13:25:11.798

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 13:22:14
Rosana Pérez Fernández na data 13/02/2026 13:22:21
Luis Bará Torres na data 13/02/2026 13:22:28
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/02/2026 13:22:34

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:11
Nº Rexistro: 50658
Data envio: 13/02/2026 13:25:11.798

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:25:12

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryV/m-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50667
Data envio: 13/02/2026 14:13:25.595

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/02/2
14:11
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á elaboración e publicación do mapa anual de riscos e impactos dos incendios forestais previsto no artigo 49 da Lei 3/2007.

Asinado o día 13/02/2026 ás 14:11
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, establece no seu artigo 49 que, anualmente, unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos asociados aos incendios do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Este precepto vincula expresamente a fase de restauración post-incendio coas políticas de solo, auga, montes, pesca fluvial e infraestruturas, e prevé que a Xunta promova medidas urxentes e de colaboración cos afectados para conservar os ecosistemas naturais, os recursos forestais, hídricos e do solo, rexenerar os terreos queimados e limitar aquelas actividades incompatíbeis coa recuperación da cuberta vexetal.

A mesma lei dispón que este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental na que estean representadas as diferentes consellarías con

Asinado o día 13/02/2026 ás 14:11
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50667
Data envio: 13/02/2026 14:13:25.595

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencias nos sectores afectados polos incendios forestais, e que a súa creación, composición e réxime xurídico se determinarán regulamentariamente. Non obstante, a día de hoxe non se coñece a existencia efectiva desta comisión como órgano operativo, nin se fai público cada ano un mapa integrado de riscos e impactos post-incendio que permita orientar de maneira transparente as decisións de restauración.

Cada ano elabórase o PLADIGA, Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, que fixa actividades de prevención, extinción e restauración post-incendio e incorpora análises de risco e ferramentas como os índices diarios de perigo. Porén, este instrumento operativo non substitúe o mandato específico do artigo 49 de contar cun mapa anual de riscos e impactos dos incendios ocorridos, que integre erosión, afección hidrolóxica, valores ecolóxicos afectados e vulnerabilidade de infraestruturas, nin garante a participación do conxunto de consellarías concernidas.

Nun contexto de incendios máis intensos e recorrentes, cunha crecente presión sobre os solos fráxiles, os cursos de auga e os espazos de alto valor ecolóxico, resulta imprescindíbel cumprir estritamente este mandato legal, reforzar a coordinación interdepartamental e dar transparencia aos criterios cos que se priorizan as actuacións de restauración, as limitacións de usos e, se é o caso, as declaracións de utilidade pública a efectos expropiatorios.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar a:

1. Aprobar, no prazo máximo de seis meses, a norma regulamentaria que cree formalmente a comisión interdepartamental prevista no artigo 49 da Lei 3/2007,

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50667
Data envio: 13/02/2026 14:13:25.595

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estableza a súa composición, réxime de funcionamento e mecanismos de participación doutros organismos e administracións afectadas.

2. Elaborar, anualmente e unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, o mapa de riscos asociados aos incendios do último período, no que se identifiquen e clasifiquen, por distritos forestais, as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros, e as infraestruturas vulnerábeis.

3. Publicar este mapa de riscos e impactos na páxina web institucional, en formatos abertos e desagregados por concello, e remitilo ao Parlamento de Galiza xunto cun informe anual sobre as medidas urxentes de conservación, restauración e limitación de usos adoptadas en cada zona de actuación prioritaria.

4. Integrar os resultados deste mapa anual de riscos nos instrumentos de planificación forestal, hidrolóxica e de infraestruturas, garantindo a coordinación das consellarías implicadas para evitar actuacións que aumenten a erosión, a perda de solo fértil ou o risco de lumes futuros nas áreas afectadas polos incendios".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50667
Data envio: 13/02/2026 14:13:25.595

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 14:11:40
Secundino Fernández Fernández na data 13/02/2026 14:11:50
Luis Bará Torres na data 13/02/2026 14:11:57

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50667
Data envio: 13/02/2026 14:13:25.595

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 14:13:26

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50672
Data envio: 13/02/2026 14:31:54.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/02/2
14:29
Por Alexandra Fernár

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre un novo modelo de xestión e desenvolvemento do solo empresarial na Galiza.

Asinado o día 13/02/2026 ás 14:29
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a solo industrial é unha necesidade imperiosa para moitas empresas que queren botar a andar no noso país, máis nun contexto no que a demanda de chan industrial está a superar con moito a súa oferta nalgunhas zonas do país, como poden ser a comarca do Barbanza e o Baixo Miño.

Os datos oficiais do Censo de Solo Empresarial trasladan a existencia de 748 parcelas libres en todo o país, das que 334 teñen por promotora a Xestur e 412 a Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), mais nas propias páxinas de Xestur e SEA os datos son distintos, ofertando 314 e 239 parcelas respectivamente.

Obviamente as discrepancias de datos entre as diferentes plataformas son só a punta de lanza dunha política en materia de chan industrial por parte do Partido Popular que leva sendo ineficiente durante moitos anos e para mostra a evolución lexislativa en materia de chan empresarial en Galiza, especialmente a Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais e a posterior Lei 3/2022 de áreas empresariais.

Asinado o día 13/02/2026 ás 14:29
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

A Lei 5/2017 xa supuxera un primeiro paso problemático ao centrarse case exclusivamente na axilización da tramitación do chan sen abordar as cuestións de fondo como:

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50672
Data envio: 13/02/2026 14:31:54.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A falta de diagnóstico sobre o chan empresarial existente.
- A ausencia de análise sobre a demanda real de chan por parte das empresa.
- A non consideración das causas da deslocalización industrial.

A Lei 3/2022 agravou este problema ao permitir mediante o seu artigo 31 a creación de "áreas empresariais estratéxicas" **fóra do Plan sectorial**, facilitando unha tramitación exprés que beneficia exclusivamente a grandes corporacións sen garantir que estas áreas respondan ás necesidades do noso modelo económico.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que axilice o traspaso de competencias relativas ás autorizacións iniciais de traballo a estranxeiros a Galicia; e que se xestione a regularización de inmigrantes con criterios de legalidade, control e rigor, para garantir unha efectiva integración laboral."

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51151
Data envio: 18/02/2026 19:00:23.578

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2026 18:59:57

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51151
Data envio: 18/02/2026 19:00:23.578

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 19:00:24

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryV/m-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:42:01
Nº Rexistro: 51161
Data envio: 19/02/2026 09:42:01.739

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 19/02/2
09:39
Por Ariadna Fernánde

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a non aprobación das axudas destinadas as persoas agricultoras mozas da anualidade 2025 e a previsión da orde da anualidade 2026.

Asinado o día 19/02/2026 ás 09:39
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das funcións da Consellería do medio rural está a de xestións das axudas, e dentro destas temos as que son mais importantes para o presente e o futuro do agro galego e que son as vinculadas aos Plans de Mellora e ás Axudas de Incorporación (cofinanciadas cun 60% de fondos europeos Feader). Estas axudas podemos consideralas dende sempre como os programas estrela para o sector agrario.

No pasado ano 2025 as dúas ordes destas axudas saíron publicadas o pasado 25 de xuño do 2025; un atraso na publicación que indicaba o nulo interese da consellería do medio rural por esta liña de axudas de especial e transcendental importancia para o futuro do agro galego. Esta publicación atrasouse inxustificadamente, incluso o PP votou en contra da iniciativa do BNG na que se demandaba:

1. Dar unha solución e aprobar os expedientes de axudas que cumprían os requisitos das axudas da anualidade do 2024 e que foron denegados por resolución do 30 de decembro do 2024, publicada no DOG do 29 de xaneiro do 2025.

Asinado o día 19/02/2026 ás 09:39
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:42:01
Nº Rexistro: 51161
Data envio: 19/02/2026 09:42:01.739

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Publicar orde de axudas do 2025 antes do 7 de maio, na que contemple como mínimo as mesmas axudas que no ano 2024

A consecuencia deste atraso inxustificado da consellería do medio rural traia consigo unha grande dificultade para tramitar e aprobar no seu debido tempo as axudas destas liñas. Ao final as predicións feitas polo BNG no debate parlamentario cumpríronse e as axudas non se aprobaron no ano 2025.

O pasado 5 de febreiro saíu publicada a *RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2025 pola que se resolven as solicitudes de subvención para investimentos en modernización e mellora das explotacións agrarias das persoas agricultoras mozas, convocadas pola Orde do 11 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á modernización e mellora das explotacións agrarias das persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR405H).*

Esta resolución aprobaba as axudas de plans de mellora das explotacións agrarias de persoas mozas as que lles fora aprobado unha incorporación no 2024 e non lles aprobaran o plan de mellora asociado; o que restaba viabilidade a explotación destes mozos. Esta orde e a súa resolución pretendía solucionar un despropósito provocado no 2024 con estas mozas e mozos.

O que non sabemos até o de agora é o que pasa coas axudas tramitadas ao abeiro da outra orde, concretamente a do 11 de xuño de 2025 *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo*

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:42:01
Nº Rexistro: 51161
Data envio: 19/02/2026 09:42:01.739

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR404A e MR405F).

Do resultado destas axudas non coñecemos nada concreto, non hai resolución de aprobación nin de denegación, o que deixa a todas as mozas e mozos solicitantes nun *impasse*, nunha indefensión e inseguridade xurídica que pode significar o abandono do seu interese por establecerse no sector agrario. O único que coñecemos son as declaracións que fai a propia consellería na que indica que se vai publicar a nova orde de axudas no primeiro trimestre; porén non indica que pasará con estes expedientes.

Estamos polo tanto ante unha actuación neglixente e totalmente contraria aos intereses do sector agrario galego e das persoas solicitantes destas axudas que non saben que pasará coa súa solicitude e co seu pretendido futuro no sector agrario. Unha actuación que demostra o pouco interese que ten a Consellería en apoiar as nosas mellores explotacións, en apoiar as mulleres e homes do noso rural, as mozas e mozos que se pretenden incorporar a actividade agraria e que pretenden facer os investimentos na mellora das súas explotacións.

A sorpresa do Grupo Parlamentar do BNG é máxima tendo en conta a importancia crucial que teñen estas axudas para o bo desenvolvemento do sector agrario galego. E en consecuencia coas numerosas queixas, e a inquietude que xera esta situación nas persoas que se queren incorporar e crear unha explotación, reclamamos da Xunta do Partido Popular unha actuación decidida e unha solución para este expedientes que foron denegados.

En definitiva, estamos rematando febreiro e aínda non se publicou a convocatoria destas axudas para o 2026 que debera saír a principios de ano para que as mozas e mozos e titulares de explotacións fagan os seus plans de cara a incorporación ao agro ou mellora das súas explotacións.

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:42:01
Nº Rexistro: 51161
Data envio: 19/02/2026 09:42:01.739

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

Aprobar de xeito inmediato os expedientes de axudas solicitado ao abeiro da *ORDE do 11 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR404A e MR405F).*

Publicar a orde do 2026 antes de fin de marzo na que se contemple a posibilidade de axudas para incorporación de mozas e mozos ao agro, novos agricultores e plans de mellora para todas as explotacións agrarias existentes ou que se pretendan crear".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:42:01
Nº Rexistro: 51161
Data envio: 19/02/2026 09:42:01.739

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 9:39:21
Sonia Vidal Lamas na data 19/02/2026 9:39:31
Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 9:39:46
Luis Bará Torres na data 19/02/2026 9:40:11

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:42:01
Nº Rexistro: 51161
Data envio: 19/02/2026 09:42:01.739

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 9:42:03

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:48:52
Nº Rexistro: 51170
Data envio: 19/02/2026 12:48:52.610

Asinado o día 19/02/2
12:45
Por José Ramón Gón

PSG DE PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás 12:45
Por Silvia Longueira Castro

A educación inclusiva constitúe un dos principios fundamentais do sistema educativo e un elemento esencial para garantir a igualdade real de oportunidades. Un modelo educativo que aspire á equidade debe asegurar que todo o alumnado, con independencia das súas circunstancias persoais, sociais ou de aprendizaxe, reciba a atención necesaria para desenvolver plenamente as súas capacidades. A inclusión non é unha opción, senón unha obriga legal, pedagóxica e ética que require planificación, recursos e compromiso institucional.

Nos últimos anos, as comunidades educativas teñen trasladado unha preocupación crecente polo incremento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como pola insuficiente dotación de recursos humanos e materiais para atender axeitadamente estas necesidades. A evolución demográfica, os cambios nos criterios de diagnóstico e detección temperá e unha maior sensibilización social poden estar detrás dun incremento progresivo deste alumnado no sistema educativo galego.

Asinado o día 19/02/2026 ás 12:45
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:48:52
Nº Rexistro: 51170
Data envio: 19/02/2026 12:48:52.610

PSG PSOE

Para garantir unha educación verdadeiramente inclusiva é imprescindible contar con datos actualizados, completos e desagregados que permitan coñecer a realidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en Galicia. Sen información rigorosa e series históricas claras resulta imposible planificar adecuadamente os recursos, dimensionar os catálogos de persoal e avaliar se as políticas públicas están a responder á evolución real das necesidades.

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse importantes transformacións no sistema educativo galego. Coñecer a evolución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ao longo deste período resulta fundamental para avaliar a adecuación das políticas educativas desenvolvidas pola Xunta de Galicia e para garantir unha planificación baseada en evidencias.

A transparencia e a publicidade activa dos datos educativos constitúen unha obriga das administracións públicas e unha condición indispensable para o control parlamentario e para asegurar que a educación inclusiva non quede nunha declaración de intencións, senón que se traduza en recursos concretos e suficientes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e remitir ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo de dous meses, un informe completo sobre a evolución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en Galicia dende o curso 2009-2010 ata o curso actual, no que se recolla o número total de alumnado por curso académico, desagregado por curso, por provincias e por tipoloxía de necesidade.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:48:52
Nº Rexistro: 51170
Data envio: 19/02/2026 12:48:52.610

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 12:45:09
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 12:45:14
José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 12:45:20

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:48:52
Nº Rexistro: 51170
Data envio: 19/02/2026 12:48:52.610

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 12:48:54

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:49:29
Nº Rexistro: 51172
Data envio: 19/02/2026 12:49:29.020

PSG DE PSOE

Asinado o día 19/02/2
12:45
Por José Ramón Gón

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás 12:45
Por Silvia Longueira Castro

A educación inclusiva constitúe un dos principios fundamentais do sistema educativo e un elemento esencial para garantir a igualdade real de oportunidades. Un modelo educativo que aspire á equidade debe asegurar que todo o alumnado, con independencia das súas circunstancias persoais, sociais ou de aprendizaxe, reciba a atención necesaria para desenvolver plenamente as súas capacidades. A inclusión non é unha opción, senón unha obriga legal, pedagóxica e ética que require planificación, recursos e compromiso institucional.

Nos últimos anos, as comunidades educativas teñen trasladado unha preocupación crecente polo incremento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como pola insuficiente dotación de recursos humanos e materiais para atender axeitadamente estas necesidades. A evolución demográfica, os cambios nos criterios de diagnóstico e detección temperá e unha maior sensibilización social poden estar detrás dun incremento progresivo deste alumnado no sistema educativo galego.

Asinado o día 19/02/2026 ás 12:45
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:49:29
Nº Rexistro: 51172
Data envio: 19/02/2026 12:49:29.020

PSG PSOE

Para garantir unha educación verdadeiramente inclusiva é imprescindible contar con datos actualizados, completos e desagregados que permitan coñecer a realidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en Galicia. Sen información rigorosa e series históricas claras resulta imposible planificar adecuadamente os recursos, dimensionar os catálogos de persoal e avaliar se as políticas públicas están a responder á evolución real das necesidades.

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse importantes transformacións no sistema educativo galego. Coñecer a evolución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ao longo deste período resulta fundamental para avaliar a adecuación das políticas educativas desenvolvidas pola Xunta de Galicia e para garantir unha planificación baseada en evidencias.

A transparencia e a publicidade activa dos datos educativos constitúen unha obriga das administracións públicas e unha condición indispensable para o control parlamentario e para asegurar que a educación inclusiva non quede nunha declaración de intencións, senón que se traduza en recursos concretos e suficientes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a publicar de maneira accesible, actualizada e permanente as estatísticas sobre alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a través do portal institucional correspondente, garantindo a súa actualización mensual, a súa desagregación territorial e temporal, e a súa difusión en formatos reutilizables que permitan a análise pública dos datos.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:49:29
Nº Rexistro: 51172
Data envio: 19/02/2026 12:49:29.020

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 12:45:28
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 12:45:33
José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 12:45:39

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:49:29
Nº Rexistro: 51172
Data envio: 19/02/2026 12:49:29.020

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 12:49:29

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:51:47
Nº Rexistro: 51182
Data envio: 19/02/2026 12:51:47.413

Asinado o día 19/02/2
12:50
Por José Ramón Gón

PSG DE PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás 12:49
Por Carlos López Font

A situación produtiva e económica do sector do marisqueo na ría de Arousa é actualmente crítica e insustentable, tal e como recollen as últimas noticias e datos de sectores representativos.

A ría de Arousa enfróntase a unha grave hecatombe produtiva tras a entrada masiva de auga doce que reduciu drasticamente a salinidade e provocou unha al ta mortalidade do marisco, con bancos de navalla, berberecho e vieira afectados e actividades canceladas ou paralizadas.

As consecuencias xa se están a traducir en perdas económicas de grandes dimensións (case 60 millóns de euros nos últimos cinco anos) e nunha situación de futuro sen horizonte para moitas familias marisqueiras, que ven ameazada a viabilidade da súa actividade tradicional.

Sen medidas estruturais e un plan de recuperación do sector, as perspectivas produtivas e sociais empeoran progresivamente, o que afecta non só ao tecido produtivo local, senón tamén ao equilibrio medioambiental e ao emprego nas zonas costeiras de Galicia.

Asinado o día 19/02/2026 ás 12:49
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:51:47
Nº Rexistro: 51182
Data envio: 19/02/2026 12:51:47.413

PSG PSOE

Pola súa importancia económica, social e patrimonial, o sector do marisqueo require da intervención inmediata da Xunta de Galicia para mitigar os efectos da crise actual, facilitar o mantemento das explotacións produtivas e poñer en marcha un plan de recuperación integral.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar axudas económicas directas urxentes e complementarias para as persoas marisqueiras e as súas unidades de explotación, no contexto da crise produtiva derivada da mortalidade masiva de marisco e da redución da salinidade nas rías, co fin de asegurar unhas condicións mínimas de renda e sostemento familiar e de evitar o abandono da actividade.

2. Deseñar e implementar un plan de recuperación integral do sector marisqueiro da ría de Arousa, que debería incluír, entre outros:

a) Programas de investimento público e técnico en rexeneración de bancos marisqueiros, mellora da calidade da auga e control de factores ambientais que afectan á salinidade e á saúde dos bivalvos.

b) Mecanismos de apoio á adquisición de equipamento, adaptación tecnolóxica e formación especializada en novos métodos de recuperación e explotación sostible.

c) Liñas de cofinanciamento público para proxectos de investigación e innovación ambiental dirixidos a reducir a vulnerabilidade do marisqueo fronte aos efectos climáticos extremos e ao aumento de auga doce nas rías.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:51:47
Nº Rexistro: 51182
Data envio: 19/02/2026 12:51:47.413

PSG DE PSOE

3. Coordinar coas confrarías, organizacións sectoriais, colexios profesionais e agrupacións de mariscadoras e mariscadores a definición das directrices básicas deste plan, garantindo a participación activa e a implicación directa de quen vive do mar no deseño e na posta en marcha das medidas.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:51:47
Nº Rexistro: 51182
Data envio: 19/02/2026 12:51:47.413

PSG DE PSOE

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:51:47
Nº Rexistro: 51182
Data envio: 19/02/2026 12:51:47.413

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/02/2026 12:49:24

Carlos López Font na data 19/02/2026 12:49:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 12:50:39

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:51:47
Nº Rexistro: 51182
Data envio: 19/02/2026 12:51:47.413

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 12:51:49

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:04
Nº Rexistro: 51199
Data envio: 19/02/2026 13:01:04.135

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 19/02/2
12:58
Por Ariadna Fernánde

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao atraso na resolución das axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta (MR651A), así como á insuficiencia de crédito

Por Luis Bará Torres

Asinado o día 19/02/2026 ás
12:58
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a Orde do 30 de decembro de 2024, da Consellería do Medio Rural, estabelecéronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023 2027, e convocáronse para o ano 2025, co código de procedemento MR651A. Trátase dun instrumento central para reforzar a prevención e a xestión activa dos montes veciñais, actores chave na política forestal galega.

Asinado o día 19/02/2026 ás
12:58
Por Montserrat Valcárcel Armesto

A resolución das solicitudes corresponde á Resolución do 26 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Defensa do Monte, publicada no Diario Oficial de Galiza do 16 de febreiro de 2026. Isto implica que unhas axudas convocadas para o exercicio 2025 se resolven xa entrado o ano 2026, o que dificulta seriamente a planificación dos traballos de prevención por parte das comunidades de montes, tendo en conta que se trata de

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:04
Nº Rexistro: 51199
Data envio: 19/02/2026 13:01:04.135

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións que deben programarse e executarse en períodos moi concretos do ano para seren eficaces.

Cómpre lembrar que, segundo recolle a propia resolución, a Orde do 2 de xuño de 2025 xa tivo que ampliar a dotación orzamentaria destas axudas, acadando un orzamento total de 5.400.000 euros para os exercicios 2025 e 2026 (3.000.000 € no ano 2025 e 2.400.000 € no ano 2026), con cargo á aplicación 15.02.551B.770.0, código de proxecto 2024 00115, cofinanciado ao 80% polo Feader, ao 16% pola Administración xeral do Estado e ao 4% pola Xunta de Galiza, respecto ao gasto público total. Aínda así, esta ampliación resultou insuficiente para dar resposta ao conxunto da demanda existente.

No anexo II da devandita resolución relaciónanse as solicitudes denegadas ou declaradas desistidas, indicando en cada caso a causa específica. Entre estas causas figura, de maneira reiterada, a mención expresa ao “esgotamento do crédito dispoñible establecido no artigo 1 da Orde do 2 de xuño de 2025”, é dicir, expedientes correctamente formulados e valorados que quedan excluídos non por incumprir os requisitos, senón unicamente pola insuficiencia da dotación orzamentaria.

Esta situación é especialmente grave na provincia de Lugo, onde se concentran numerosas comunidades de montes veciñais en man común que desempeñan un papel esencial na xestión forestal e na prevención de incendios e que, malia presentaren proxectos axeitados, ven denegadas as súas solicitudes só por falta de crédito. Sen prexuízo de que a responsabilidade última da planificación orzamentaria recae na Xunta de Galiza, son estas comunidades as que sofren as consecuencias dunha política que non dimensiona correctamente o esforzo financeiro necesario para apoiar a totalidade dos proxectos que cumpren.

Cómpre salientar que a mesma problemática se reproduce no conxunto do país, con comunidades de montes noutras provincias que tamén figuran no anexo II como

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:04
Nº Rexistro: 51199
Data envio: 19/02/2026 13:01:04.135

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denegadas exclusivamente por “esgotamento do crédito dispoñible”. Estamos, por tanto, ante un problema estrutural: a demanda social e técnica de actuacións de prevención supera a previsión orzamentaria da Xunta, nun contexto de recorrente risco de grandes lumes, cambio climático e abandono de superficies forestais que fai imprescindible intensificar o apoio público á xestión comunitaria do monte.

Resulta contraditorio que se apelase publicamente á importancia da prevención de incendios e á implicación das comunidades de montes, ao tempo que se deixan sen apoio, por razóns puramente orzamentarias, proxectos perfectamente encaixados na filosofía da norma e que obtiveron puntuacións significativas no procedemento de concorrencia competitiva. Ademais, o atraso na resolución, coa publicación no DOG en febreiro de 2026, agrava a incerteza destas entidades, que precisan marcos temporais e financeiros previsíbeis para organizar o traballo voluntario, a contratación de servizos, a redacción de proxectos e a execución das faixas, rareos e outras actuacións subvencionábeis.

Nun país no que os montes veciñais en man común ocupan unha parte moi relevante da superficie forestal, a consistencia da política pública de prevención de incendios pasa, necesariamente, por garantir que as axudas MR651A chegan a todas as comunidades que cumpren os requisitos e presentan proxectos tecnicamente viábeis. Iso esixe, por unha banda, reducir os atrasos no procedemento para que a resolución corresponda ao exercicio para o cal se convocan as axudas e, por outra, dimensionar axeitadamente a dotación orzamentaria, ampliándoa cando sexa preciso para non deixar fóra, por mero esgotamento de crédito, un número tan significativo de comunidades.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:04
Nº Rexistro: 51199
Data envio: 19/02/2026 13:01:04.135

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Adoptar as medidas organizativas e de planificación necesarias para evitar atrasos na tramitación e resolución das axudas reguladas pola Orde do 30 de decembro de 2024, dirixidas á prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta (procedemento MR651A), garantindo que as correspondentes resolucións se adopten e publiquen dentro do exercicio ao que se refire cada convocatoria.

2. Proceder a unha nova ampliación do crédito destinado ás axudas MR651A convocadas para o ano 2025, co obxecto de incorporar como beneficiarias, con carácter prioritario, as comunidades de montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta recollidas no anexo II da Resolución do 26 de xaneiro de 2026 que figuran como denegadas exclusivamente pola causa de "esgotamento do crédito dispoñible establecido no artigo 1 da Orde do 2 de xuño de 2025.

3. Planificar para os vindeiros exercicios unha dotación orzamentaria suficiente, estábel e axustada ao volume real de solicitudes e ás necesidades de prevención de incendios, garantindo que as axudas MR651A poidan atender a totalidade das solicitudes que cumpren os requisitos e superan os limiares de puntuación establecidos nas súas bases reguladoras".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:04
Nº Rexistro: 51199
Data envio: 19/02/2026 13:01:04.135

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/02/2026 12:58:45
Sonia Vidal Lamas na data 19/02/2026 12:58:52
Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 12:58:59
Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 12:59:05
Luis Bará Torres na data 19/02/2026 12:59:13

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:04
Nº Rexistro: 51199
Data envio: 19/02/2026 13:01:04.135

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:01:04

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryV/m-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:27
Nº Rexistro: 51209
Data envio: 19/02/2026 13:16:27.466

PSG PSOE

Asinado o día 19/02/2
13:13
Por Aitor Bouza Mans

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López**, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:13
Por Silvia Longueira Castro

A Muralla Romana de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000, constitúe un dos bens culturais máis relevantes de Galicia e unha responsabilidade directa da Xunta de Galicia como administración competente na súa conservación e mantemento.

No ano 2023, o Goberno galego licitou a redacción do primeiro Plan Director integral deste monumento, comprometéndose publicamente a presentalo no ano 2025 coincidindo co 25 aniversario da súa declaración como Ben Patrimonio da Humanidade. Porén, a día de hoxe, nada se sabe do contido deste documento nin foi presentado oficialmente.

Dende o PSdeG temos solicitado á Xunta, ao abeiro do artigo 9 da Lei de Transparencia, a entrega íntegra deste Plan Director, elaborado, segundo manifestacións públicas, sen diálogo nin participación institucional co Concello de Lugo, así como os informes técnicos e avaliacións máis recentes sobre o estado de conservación do monumento, o plan actualmente en vigor e a relación detallada das obras e actuacións xa executadas xunto coas intervencións pendentes de desenvolver.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:13
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:27
Nº Rexistro: 51209
Data envio: 19/02/2026 13:16:27.466

PSG DE PSOE

Esta solicitude produciuse tras o derrubamento dun tramo da Muralla na zona da Rúa do Moucho, feito que incrementou a preocupación social sobre o estado estrutural do monumento. Resultan especialmente chamativas as declaracións do director xeral de Patrimonio Cultural afirmando que o Plan Director "non é un texto para a divulgación", tratándose dun documento que debe constituír a folla de ruta para garantir a estabilidade, conservación e seguridade dun ben Patrimonio da Humanidade.

O Plan Director, segundo foi anunciado pola propia Xunta, debe identificar con precisión as condicións estruturais e as patoloxías do monumento, establecer unha programación periódica de mantemento con dotación orzamentaria suficiente, fixar medidas de prevención fronte a riscos climáticos e desastres, así como protocolos de seguridade e actuación ante emerxencias e accións de protección fronte a actos vandálicos. A demora na súa presentación e posta en marcha, unida aos episodios recentes de deterioración, evidencia a necesidade urxente de contar cun instrumento público, transparente e operativo que dea cumprimento ás esixencias da UNESCO en materia de xestión de bens Patrimonio da Humanidade.

A transparencia, a participación institucional e a rendición de contas son principios básicos na xestión do patrimonio cultural e non poden quedar subordinados a decisións unilaterais nin a anuncios que non se concretan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:27
Nº Rexistro: 51209
Data envio: 19/02/2026 13:16:27.466

PSG PSOE

1. Facer público de maneira íntegra e inmediata o Plan Director da Muralla Romana de Lugo.

2. Remitir ao Parlamento a documentación completa relativa ao plan actualmente en vigor, de xeito inmediato.

3. Publicar os informes técnicos de avaliacións máis recentes sobre o estado de conservación do monumento.

4. Facilitar a relación detallada das obras executadas e das actuacións pendentes, incluíndo cronograma e dotación orzamentaria.

5. Garantir a participación do Concello de Lugo e dos colectivos vinculados á Muralla no desenvolvemento e seguimento do Plan Director.

6. Establecer un sistema periódico de rendición de contas ante o Parlamento sobre o estado de conservación da Muralla.

Santiago de Compostela, a 19 de Febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:27
Nº Rexistro: 51209
Data envio: 19/02/2026 13:16:27.466

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 19/02/2026 13:13:20
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 13:13:26
Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:13:35
José Ramón Gómez Besteiro na data 19/02/2026 13:13:42

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:27
Nº Rexistro: 51209
Data envio: 19/02/2026 13:16:27.466

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:16:28

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:28:02
Nº Rexistro: 51214
Data envio: 19/02/2026 13:28:02.279

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:26
Por Sonia Vidal Lama

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a cobertura inmediata dos postos de traballo do Servizo Territorial do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) en Ourense.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:26
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) é a entidade pública instrumental da Xunta de Galiza encargada da xestión e pagamento dos fondos europeos agrícolas que forman parte da Política Agraria Común (PAC) Trátase do organismo pagador dos fondos Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no ámbito autonómico, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de actuación para cumprir os seus fins.

A función esencial do FOGGA consiste en administrar, coordinar e efectuar os pagos das axudas agrícolas e gandeiras asociadas á PAC no territorio galego, tanto en materia de pagamentos directos como en medidas de mercado e outras axudas complementarias. Isto inclúe a aplicación dos mecanismos europeos de regulación de mercados, a xestión das axudas ao sector lácteo e outros recursos de apoio ás explotacións e ao medio rural galego.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:26
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Os servizos territoriais do FOGGA, entre eles o de Ourense, son esenciais para garantir unha xestión próxima, eficaz e adaptada ás necesidades específicas das agricultoras e gandeiras no territorio, facilitando a tramitación, control e asesoramento sobre as diferentes liñas de axuda que se convocan dende a Unión Europea e se desenvolven no marco autonómico. Esta presenza descentralizada permite tamén unha interacción máis fluída entre os profesionais do medio rural e os órganos de xestión e

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:28:02
Nº Rexistro: 51214
Data envio: 19/02/2026 13:28:02.279

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

control, favorecendo a chegada de recursos ao tecido agrario local e a correcta aplicación dos fondos comunitarios.

Con todo, a atención, xestión e asesoramento técnico especializados requiren a existencia de persoal cualificado e formado, especialmente cando se trata de servizos directos ás persoas e explotacións agrarias que demandan a xestión de axudas, a consolidación de pagamentos e o cumprimento de obrigas de control. Porén actualmente no Servizo Territorial de Ourense existen postos vacantes e sen cubrir, o que provoca un incremento da carga de traballo do persoal existente, retrasos na tramitación de expedientes e, en xeral, unha menor capacidade de resposta ás necesidades reais do sector agrario no territorio, o cal contrasta co papel estratéxico que este organismo desempeña e a súa repercusión sobre miles de explotacións.

Xa que logo consideramos preciso instar á Xunta de Galiza a que proceda de forma inmediata á cobertura dos postos de traballo do servizo territorial do FOGGA en Ourense, garantindo a continuidade e eficacia na xestión das axudas agrícolas e na atención ás persoas beneficiarias, e reforzando o dispositivo de apoio ao medio rural nunha zona cunha importante poboación agraria e gandeira, que está a resultar moi castigada pola mala xestión e inacción da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a proceder, con carácter inmediato, á cobertura da totalidade dos postos de traballo no Servizo Territorial de Ourense do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) ao fin de que poda atender con eficacia, proximidade e calidade as importantes funcións que ten conferidas".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:28:02
Nº Rexistro: 51214
Data envio: 19/02/2026 13:28:02.279

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/02/2026 13:26:32
Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 13:26:39
Sonia Vidal Lamas na data 19/02/2026 13:26:51
Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2026 13:26:58

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:28:02
Nº Rexistro: 51214
Data envio: 19/02/2026 13:28:02.279

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:28:03

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:55:49
Nº Rexistro: 51231
Data envio: 19/02/2026 13:55:49.070

PSG PSOE

Asinado o día 19/02/2
13:52
Por José Ramón Gón

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:52
Por Silvia Longueira Castro

A educación inclusiva constitúe un dos piares fundamentais dun sistema educativo xusto e equitativo. Garantir que o alumnado con necesidades educativas especiais reciba unha atención axeitada, personalizada e adaptada ás súas características é unha obriga legal e unha responsabilidade política ineludible. O dereito á educación en igualdade de condicións esixe recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso coa inclusión real.

O alumnado con necesidades educativas require apoios específicos e especializados para poder desenvolver o seu proceso de aprendizaxe en condicións de equidade. A atención a este alumnado non pode depender da improvisación nin da dispoñibilidade puntual de recursos, senón que debe estar sustentada nunha planificación baseada en datos actualizados, completos e transparentes.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:51
Por Aitor Bouza Manso

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse cambios relevantes no sistema educativo galego, tanto en termos demográficos como na detección e identificación das necesidades educativas especiais. Coñecer con precisión a evolución do número de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais ao longo destes anos resulta imprescindible para avaliar se os recursos

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-JAEWMryVm-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:55:49
Nº Rexistro: 51231
Data envio: 19/02/2026 13:55:49.070

PSG DE PSOE

